

Estereotipos de barro. Mulleres na olería tradicional galega

Elena Freire Paz

[Recibido, 9 marzo 2017; aceptado, 20 abril 2017]

<http://dx.doi.org/10.15304/bgl.50.3985>

RESUMO Neste artigo tentaremos escutar, desde a perspectiva antropolóxica, todo canto de feminino hai na olería tradicional galega alén dos estereotipos asignados. Somos conscientes das dificultades para aplicar a perspectiva de xénero ó eido dos oficios tradicionais alén daqueles relacionados co tecido. O noso interese, centrase en atopar ás mulleres nun oficio que a propia tradición reservou, cando menos no seu discurso, como un campo de traballo masculino.

PALABRAS CHAVE: xénero, oficio tradicional, olería, Galicia.

ABSTRACT In this article we will try to examine, from the anthropological perspective, everything feminine is in the traditional Galician pottery beyond the stereotypes assigned. We are aware of the difficulties in applying the gender perspective to the field of traditional crafts beyond those related to the clothing. Our interest will focus on to find women at one activity who own tradition to set aside, at least in his speech, as a male labor camp.

KEYWORDS: gender, handcraft, pottery, Galician.

115

“The past is a foreign country; they do things differently there.”

Leslie Poles Hartley

“Hay una grieta en todo; solo así entra la luz.”

Leonard Cohen

Introdución

O obxecto do presente traballo é proxectar unha mirada en feminino cara á olería tradicional en Galicia desde a antropoloxía social. Neste sentido, cabe precisar, xa desde o comezo, que non imos desenvolver unha análise

pormenorizada da actividade nin desde o fío condutor dos procesos de elaboración e de venda, nin desde as dinámicas económicas, sociais, políticas e culturais xeradas polos axentes implicados, e tampouco a través dunha descrición detallada dos produtos. As nosas tentativas camiñarán, antes ben, cara a unha proposta de reflexión en violeta sobre o mundo do barro en múltiples perspectivas, nunha sorte de *patchwork* mental que permita incorporar os estudos de xénero a unha temática ata o de agora nunca abordada con esas claves. Hai que matizar, pois, que para a olería tradicional en Galicia se ten mirado hai xa un tempo; ora ben, repensar a presenza feminina nese oficio resulta unha tarefa tan atractiva como de novío.

Non consideramos de especial interese expoñer aquí de xeito detallado todas as non poucas referencias bibliográficas que existen sobre a olería tradicional da, desde, para ou en Galicia, pero si traer a colación unha breve catalogación colectiva e xeral das mesmas en función das tres directrices ás que, na nosa opinión, teñen respondido. Por una banda, atoparíanse todos aqueles estudos de orde ideolóxico-política nos que a olería tradicional se presenta e/ou emprega, conformada en termos de esencia, como soporte ou esqueleto sobre o que armar una identidade galega diferenciada que emana do pobo [folk]. En segundo lugar, estarían aqueles traballos, unidos en certa medida cos anteriores, en tanto en canto o oficio segue a interpretarse como un *continuum* coa comunidade que o produce, pero que presentan como característica máis significativa a présa por recoller información sobre una actividade que se cataloga, desde o último terzo do século XX, en inminente perigo de desaparición. Desde esta perspectiva, a olería representaría os vestixios ou tizóns dun pasado chamado, irremediamente, a desaparecer coas transformacións irreversibles da modernización das sociedades rurais europeas. O terceiro grupo de publicacións sobre esta temática, e último, na nosa clasificación, polo seu carácter máis recente, incluíría todas aquelas análises nas que a olería funciona como capelo dunha identidade galega posmoderna na que a tradición debe de ser entendida en clave de recurso —non só económico, aínda que tamén— o que permite a súa existencia nas sociedades capitalistas máis aló do seu valor de uso e como colectores de cultura nos procesos de posta en valor do patrimonio que caracterizan o momento actual.

Atopámonos, desde logo, ante unha temática cunha certa bagaxe como campo de estudo ou reflexión desde distintas áreas de coñecemento que xiran, de maneira maioritaria, arredor das humanidades e das ciencias sociais

pero que, por veces, tamén recollen as achegas doutras disciplinas, como a química ou a edafoloxía. É nestes enfoques, máis técnicos, sobre a olería, onde non é posible atopar o que xa de por si debería constituírse como un apriorismo: a presenza das mulleres no oficio. Que elas sempre formaron parte da olería resulta incontestable, xa que a única alternativa en negativo sería que non tivesen formado parte do grupo social que orixinou, mantivo e traspasou o oficio de xeración en xeración, e nesa sucesión temporal, se algo non pode faltar son, precisamente, as mulleres. Agora ben, unha cousa é que estiveran alí e outra coñecer e entender ou tentar explicar o Como?, o Onde?, o Cando?, o Por que?, o Para que? Ou o Cantas? Rastrexar a presenza das mulleres nun oficio que a tradición reservou, cando menos no seu discurso, como un campo de traballo masculino, vólvese, como xa adiantamos, moito máis complexo e a bibliografía existente ata o momento cobra un carácter máis restrinxido¹.

Como vimos de expoñer, a incorporación da perspectiva de xénero ós estudos culturais que ten levado nas últimas décadas a localizar a existencia do feminino, tanto no momento actual como en retrospectiva histórica, non semella atopar un terreo fértil se o acoutamos ó ámbito dos oficios tradicionais. A primeira limitación coa que nos atopamos é que non contamos con fontes documentais concentradas nin específicas que rexistren a historia social da xente do común, o que dificulta enormemente, xa que logo, dar coas mulleres que, por forza, tiveron que estar alí. Porque no caso delas a subordinación ten que entenderse con base en dous vectores de opresión que as relegaron ás marxes da periferia desde onde nunca cobraron entidade suficiente como para constituírse nun obxecto de estudo propio nin, na maior parte dos casos, foron quen de deixar rexistro documental. Se no concepto de “*ordinary people*” (Gardner&Adams 1983) a vida cotiá do colectivo anubrou, con carácter xeral, a capacidade de axencia dos suxeitos convertidos “en calquera” ou “en ninguén”, como será posible buscar o rastro “das outras dos outros”? E aínda máis, como atopar as trazas do xénero dentro dun oficio que, nun rango temporal prolongado, se viu clasificado como descarte en termos sociais, incluso dentro do grupo do campesiñado no que se insire e que non foi quen de deixar pegada do seu devir diario?

¹ Neste sentido resultan de especial interese os recentes estudos de Ana Cabana Iglesia e Elena Freire Paz (2015, 2017).

Todas estas circunstancias outorgan aínda máis relevancia ós datos obtidos a través das fontes orais que, no caso que nos ocupa, atópanse condicionadas por dúas variables moi significativas. A primeira delas fai referencia ó acoutamento temporal que nos impoñen, xa que non é posible recompilar a memoria do oficio máis aló de dúas xeracións cara atrás con respecto ós nosos informantes de maior idade, o que nos sitúa, no mellor dos casos, no último cuarto do século XIX. A segunda obriga ó recoñecemento explícito da debilidade dun rexistro atenazado entre as figuracións da memoria entendida como unha elaboración na que se xustapoñen o cultural e mais o persoal e a ampla amálgama de información non filtrada que emana dos informantes de xeito caótico durante a recollida de datos.

De todos xeitos, como xa adiantamos ó comezo do texto, a nosa intención non é a de trasladar aquí un material etnográfico detallado e consolidado co que dar visibilidade ás mulleres do barro, senón reparar nelas con outros ollos ou, por mellor dicir, con outras miradas. Non queremos dicir con isto que o traballo de campo non conforme esta proposta; metodoloxicamente falando, na base da nosa análise está a conxugación dos métodos cuantitativos e cualitativos que dotan de significación á antropoloxía social e cultural, pero a nosa intención non é presentar un estudo de caso. A observación participante, as entrevistas semi-estruturadas con final aberto, as historias de vida e a consulta de fondos documentais referidos á actividade oleira que empregamos como substrato, forman parte do traballo de campo, da revisión bibliográfica e da consulta de documentación que comezamos no ano 1998 e que tivo unha primeira etapa continuada de forte intensidade ata 2004, despois da cal se mantivo o contacto directo co terreo, aínda que de xeito máis esporádico, e unha revisión continuada de materiais.

Agora, que xa precisamos cal será o obxectivo das liñas que se presentan a continuación e nos achegamos a unha ollada integral sobre as mulleres como corporalidades do xénero sendo, en realidade, esta última a categoría que centra o noso interese, consideramos importante achegar, a partir de aquí, outras matizacións non menos destacadas. Así pois, para poder contextualizar correctamente as nosas reflexións procederemos a comezar por revisar, aínda que sexa de xeito sucinto, algúns outros conceptos significativos que aparecen xa no título deste texto.

Daqueles barros

Aínda que poida resultar obvio, non está por demais manifestar a evidencia de que a olería galega é heteroxénea, múltiple e diversa, en tanto en canto mantén unha correlación con todas as outras creacións culturais dun territorio o suficientemente amplo como para rexistrar no seu interior diferenzas² considerables. É dicir, non se sostén o concepto cultural nin etnográfico-material de olería galega. De feito, ó noso entender, o agrupamento das distintas tipoloxías só se produce mediante a creación dunha narración en público na que poden ter cabida todo tipo de discursos encamiñados desde a súa raíz a constatar un feito cultural diferencial común asentado territorialmente en Galicia aínda que o percorrido histórico das súas reivindicacións se puidese axeitar a diferentes parámetros, desde o provincialismo, o rexionalismo, o galeguismo ou o nacionalismo, así como a organigramas económicos tan variables como a autarquía da posguerra española no século XX ou a globalización do XXI, por citar só dous deles.

Esa pretendida, logo, homoxeneidade nos fondos estruturais da actividade estaba composta, na práctica, por unidades formais necesariamente condicionadas polo feito de que, as pezas de barro producidas, distribuídas e consumidas en Galicia sempre percorreron —aínda que por distintas razóns— itinerarios de proximidade o suficientemente preservados. Os lindes entre as distintas variantes servían para manter as diferenzas se ben estes nunca poderían ser entendidos como pechados nin no que atinxe ós cambios, nin ás incorporacións de técnicas, materiais, formas, decoracións ou outros elementos cos que se erixiron e se conforman os modelos propios de cada comarca así como, tampouco, ós procesos de imitación, adaptación ou hibridación.

Máis aló dunha división territorial que responde á administración do estado, Galicia non debería de ser unha etiqueta uniformada para unha actividade coma a olería tradicional espallada por todos os recunchos do planeta na súa faceta utilitaria, en primeira instancia; isto é, a de cubrir necesidades materiais cotiás como son a conservación, preparación e consumo de alimentos conxugada, nalgúns casos ou momentos con connotacións simbólicas ben

² Todas as manifestacións culturais presentan modificacións xa por gradación, xa por contraste entre as distintas localizacións dos grupos sociais que as producen. Sirvan como exemplo paradigmático as variedades diastráticas do galego.

sexan sagradas ou profanas. En realidade o adxectivo ‘galego’ aplicado ós cacharros de barro resulta só definitorio nun plano abstracto de seguimento das liñas de pensamento que os incorporan como elementos significativos da cultura ora ben nas súas concrecións materiais ou nas atribucións intanxibles.

A forza das primeiras das variables que se perciben na olería e que son a produción de obxectos físicos, por unha banda, e a súa presenza permanente no enxoval doméstico sempre en conxunción con aquela, pola outra, ten favorecido a localización da olería como algo básico, perentorio e enganosamente sinxelo o que nos conecta co segundo dos significantes que quixéramos abordar: a que nos referimos cando falamos de olería? Este termo atinxe a unha produción limitada desde a tipoloxía de materiais que se emprega para a súa realización, os xeitos de fabricación, o patrón dos obxectos, as posibilidades de ornamentación, as formas de poñelas no mercado, etc. Pero a olería non só se constitúe como un elemento cultural senlleiro de cara a dentro senón que tamén identifica ás mans polas que pasa ben sexa para facela ou ben para facer uso dela funcionando, polo tanto, como signo de identidade non só desde as connotacións antropolóxicas do termo senón atándonos á segunda das acepcións na súa definición filolóxica: o barro constitúe un elemento susceptible de ser empregado para caracterizar as persoas e distinguilas doutras nun conxunto ou grupo social.

Dentro do complexo mundo das cerámicas tradicionais, conformado por terras arxilosas cocidas e dividido en olería, louza, gres e porcelana, no que están incluídos todos os produtos fabricados a partires de silicatos complexos de aluminio formados por meteorización de roca feldespática ou o que vén ser o mesmo: unha combinación de elementos químicos comúns na que se poden apreciar diferentes graos de pureza con maior ou menor presenza de minerais asociados —sodio, potasio, calcio, ferro e magnesio—, a olería resérvase para designar aquelas pezas producidas con barro de basto. Deste xeito, o propio xermolo do oficio entronca pola dobre acepción do termo como sinónimo da arxila pero tamén da propia terra³, sempre mesturadas con auga —de novo outro elemento dual que pode funcionar como acelerador na descomposición dos corpos e tamén como orixe da vida— o que lle confire

³ Consideramos de interese remarcar que estas características aplicables en calquera outro lugar, no caso de Galicia cobran aínda maior relevancia xa que a terra constitúe, en termos reais e metafóricos, o patrón sobre o que se constrúe toda clasificación posible tanto para o territorio como para os suxeitos.

unha dupla posibilidade de clasificación que oscila sempre entre o estigma da sucidade e o da pureza atávica.

Esta autenticidade telúrica, acentuada por unha mínima resistencia á calor durante o proceso de cocción imprescindible para fixar as formas, sitúa os obxectos feitos con barro no extremo oposto á fineza, en orixe, da porcelana que é só caolín e que o é case que por completo xa que precisa, para poder ser traballado agregarlle pequenas doses de feldespato e cuarzo. Ese compoñente maioritario na máis elevada das cerámicas tradicionais, que evoca como ningún outro a unicidade, é unha arxila que atesoura na súa cor branca as claves para conseguir pezas de alta homoxeneidade na súa composición o que vén garantido pola alta densidade das partículas vitrificadas que a compoñen e xunto á que tamén acaban por concorrer outras circunstancias que elevan o resultado final; por exemplo, as altas temperaturas que poden soportar durante a cocción, o que remata por conferir ós obxectos elaborados con esta pasta cerámica as características físicas de ausencia de porosidade e, ó mesmo tempo, as fai altamente uniformes e impermeables tanto ós líquidos como ós gases e lles outorga unha non menosprezable resistencia en termos de proximidade ás fontes caloríficas e tamén ante un posible golpe ocasional. Pero ademais, en referencia ós sentidos de maior impacto aínda na distancia como son a vista e o oído, os obxectos de porcelana distínguense por unha elevada sonoridade derivada do escaso grosor⁴ que precisa a súa materia base para soportar a forma e un acabado visual translúcido⁵ o que, sen dúbida, axuda a reforzar un sincretismo máxico sobre elas que incrementa, a súa vez, o poder de atracción.

Como dicíamos, a olería sitúase no extremo oposto á porcelana no *ranking* de excelencia que se pode aplicar á produción de cerámica tradicional e abarca, por metonimia, a práctica totalidade dos produtos feitos con barro cocido,

⁴ As pezas froito do traballo oleiro presentan un grosor aproximado de 6-8 mm, fronte ós 4-6 mm que caracterizan as realizadas en louza ou ós 3-4 mm da porcelana; se ben, esta última pode presentar unha variación que chega ata os 5-6 mm no caso das pezas fabricadas *ex profeso* para usos en hostelería. (Vid Vázquez Malagón 2005).

⁵ O resultado final da creación cerámica proporciona manufacturas semellantes á turmalina laranxa que se atopa na natureza en rocas eruptivas e metamórficas e que ten como principal característica a de que, a pesar de ser unha roca, permite o paso da luz, o que lle conferiu ser catalogada desde a antigüidade como pedra semi-preciosa e empregada tanto na xoiería como na decoración arquitectónica. A modo de exemplo cabe citar a súa abundante presenza incrustada no mármore branco do Taj Mahal (1631-1653) para conseguir os xogos de luz tan importantes, xunto co son, na arquitectura árabe.

sen diferenciar entre as posibles clasificacións susceptibles de seren realizadas dentro das arxilas segundo estas se presenten modeladas ou torneadas, bruidas ou sen pulir, vernizadas ou esmaltadas, utilitarias ou decorativas, etc. A diversidade recollida no caso do galego na lingua só se pon de manifesto para separar dous oficios unidos pola materia prima que empregan pero separados en función dos produtos ós que dan lugar: os que fan co barro, maioritariamente aínda que non só, olas serán oleiros, os que fan co barro só tellas serán telleiros. De feito, a especialización probablemente se produciu por escisión dunha das ramas, a dos telleiros⁶, que ocupou un campo de traballo específico cunha alta demanda en termos cuantitativos como rama secundaria da construción nas zonas norte de Galicia, o que lle conferiu á actividade singularidades tan marcadas como a xerga dos “cabaqueiros”, unha variedade da fala con carácter críptico.

A enganosa simpleza da olería que encamiña, como vimos de ver, desde os principios técnicos máis básicos as súas posibilidades de consideración en termos sociais e culturais recolle de xeito máis que completo e complexo a súa capacidade de agregación na vida de Galicia apelando ó último dos termos sobre os que imos introducir algún tipo de matización: a tradición ou o tradicional. Ben é certo que, fronte á exclusividade da porcelana e moi por debaixo dos camiños intermedios transitados pola louza e o gres⁷, a olería, durante anos, impúxose pola súa función de uso en todos os estamentos do corpo social en Galicia, xa fose, de maneira illada, no consumo ou, como habitual auxiliar, na cociña das clases acomodadas ora coma enxoval cotiá para a escasa burguesía e, sobre todo, entre as grandes masas do campesiñado para

⁶ Ademais dos telleiros, tamén son ramas específicas dentro da olería a fabricación de ladrillos, azulexos e baldosas. Non obstante, en Galicia, non existen exemplos destacados fóra da produción fabril dos primeiros polo que os revestimentos de paredes e chan importábanse desde o Levante ou mesmo Portugal.

⁷ Non nos deteremos, nesta análise, en describir tampouco de xeito pormenorizado as particularidades constituíntes da louza e do gres. A modo de sinxela aclaración mencionaremos que o seu descarte débese a que non están en ningún dos opostos do sistema integrado polas catro opcións que ofrece a cerámica tradicional de tal xeito que non serían útiles en termos de maior tensión ou contraste, o que si se dá entre os polos da olería, por unha banda, e da porcelana, pola outra. A súa posición intermedia, pois, dentro do sistema de gradación fai que non os consideremos imprescindibles para o propósito deste texto. En todo caso, as propias características técnicas da louza, cuxa falta de plasticidade impide o seu modelado manual, o que a restrinxe a que só poida ser traballada con molde, iso si, a través de todos os procesos —baleirado, torno e prensa—, e a cada vez máis marcada excepcionalidade do gres pola alta resistencia, nula capacidade de absorción e forte dureza, o que o ten asociado, sobre todo nos últimos tempos, o seu uso como pavimento, tamén inciden na escasa produción destas manifestacións cerámicas en Galicia e, desde logo, no seu mantemento moi lonxe da consideración de tradicional.

as que a louza, e aínda máis, a porcelana, representaban a excepcionalidade absoluta cun uso totalmente restrinxido ás celebracións, sempre con público, máis destacadas, xa fosen estas de carácter festivo ou cerimonial⁸.

A ampla e continua presenza dos obxectos fabricados con barro entre a maioría da poboación nun segmento temporal non acoutado, entre outras cousas porque nunca se constituíu como categoría significada nin endexamais estivo dotada de connotación algunha que non fose a necesidade, acabou por conformar a percepción destes asociados á condición de sostén cultural fóra do tempo como excelsos representantes sempiternos da tradición desde unha visión a todas luces romántica da identidade. O valor engadido da olería gárantese, así, porque as pezas de barro ofrecen todos os ingredientes precisos para ser susceptibles de pasar a ser unha especie de *matryoshka* infinita en bucle ou espiral galaica eterna que define a tradición como aquilo que vive e se mantén de forma esencial nunha comunidade sen alteracións de ningún tipo. Ollada desde ese prisma pola tradición só pasa o tempo pero esta nunca transita por aquel.

Deste xeito, a potencia desa imaxe fixa, ancorada na inmensidade dun pasado total, a olería tradicional como un elemento que estivo aí e así desde sempre nun pretérito perfecto continuo que se mantén no presente. Non obstante, a tradición como construción cultural que é nunca pode ser entendida como perenne nin estática; pola contra, sempre é inventada e argumentada desde o presente, construída en función dos intereses coetáneos do grupo que a xera ó mesmo tempo que a sostén. A tradición que busca a súa lexitimación alí onde xa non se pode intervir, no que xa pasou, responde sempre a unha selección na que non só se desbotan as manifestacións culturais que perden utilidade para o grupo que as produce senón que as que se manteñen fano porque representan os intereses cara ó futuro dos grupos dominantes. Apelar pois á tradición ou cualificar, neste caso á olería, como tradicional non consiste en volver os ollos cara a atrás para recoller a testemuña do paso do tempo sen intervir nel senón en proxectarse cara a adiante en función das relacións de poder que caracterizan a interacción humana sobre a base da catalogación de determinados elementos culturais como ancestrais.

⁸ Para un coñecemento máis específico das diferenzas entre a cultura material das distintas clases sociais pode consultarse, entre outros, Roberto López (2012).

Cando presentamos as nosas fontes e mencionamos as dificultades para dar visibilidade ó noso obxecto de estudo fixemos fincapé no feito de que o noso traballo de campo presentaba unha limitación temporal retrospectiva que lindaba con derradeiro cuarto do século XIX. Nese *lapsus* de tempo, non moi extenso en duración se ben moi intenso en canto a variacións nas que a velocidade da transformación social se viu incrementada por unha forte aceleración, téñense establecido, cando menos, tres momentos diferenciados para a olería tradicional galega, pero se observamos ese proceso en clave feminina decatáronos de que a presenza das mulleres no oficio introduciu unha bifurcación no último dos intervalos co seu traslado desde a periferia ata o centro da actividade. Tomemos posición, logo, nesa secuencia cronolóxica e localicemos os espazos ocupados polas mulleres en función dos estereotipos de cada retrinco do camiño.

Pezas de olería: formas de muller

A primeira das etapas no período estudado abrangue ata a década dos 60 do século XX. A olería tradicional levábase a cabo nunha sociedade maioritariamente agraria que demanda para o enxoval doméstico recipientes de pasta cerámica da variedade barro conseguida con ata tres elementos básicos na súa composición: “materiales arcillosos, materiais no arcillosos refractarios y materiales no arcillosos fundentes” (Vázquez Malagón 2005: 32). Dentro da arxila, a masa coa que finalmente se traballaba estaba composta por unha mestura entre un tipo de barro⁹ pouco plástico, cunha porosidade ínfima, de tacto moi maino, cuxa cor tende ós tons escuros —gris, azul, marrón ou negro— e que proporciona ós obxectos con el fabricados unha alta resistencia á calor, con outro barro moi plástico, con máxima porosidade, de tacto moi áspero, cuxa gama cromática oscila desde o amarelo ata os ocres e que permite o modelado ou torneado da pasta final aínda que presenta unha grande fragilidade. A combinatoria de materiais para a preparación do barro resultaba decisiva nunha olería que tiña dous requisitos básicos para conseguir a súa aceptación nun mercado no que aínda non fixeran acto de presenza os materiais sintéticos, coma o plástico: a lixeireza e a resistencia. Desde o principio

⁹ O primeiro dos barros descritos recibe o nome, entre outros, de barro morto, barro mouro, barro sen liga ou faragullán. Para o segundo, empréganse as denominacións de barro de liga, barro forte, barro vivo, barro marelo, barro de freba ou correúdo, por exemplo.

mesmo da olería facíanse patentes a mestría e o saber científico acumulados polos especialistas nesa labor.

Non obstante, na altura, a totalidade dos factores que caracterizaban a olería poñen de manifesto o carácter eminentemente pragmático do oficio. Unha actividade cargada con altas doses de coñecementos técnicos sobre todo na fase de preparación dos materiais así como nas de elaboración e cocción das pezas pero que só levaba aparelhada unha consideración notable en claves internas do oficio manifestadas nas unidades de produción e, máis en concreto, con relación á variable xénero que afastaba ás mulleres do control do torno e do lume e, aínda así, isto non sempre se producía. Así pois, “habría que considerar la explotación familiar como un marco privilegiado que permitiría analizar en profundidad y en un territorio concreto las relaciones entre los sexos. En ese territorio, y en las relaciones que se establecen entre los miembros del grupo y lo social, se ven a menor escala los detalles con los que se teje lo cotidiano” (Méndez 1988: 207).

Os oleiros, como colectivo, non acadaron no contexto socioeconómico da época maior recoñecemento porque a súa actividade caracterizadora —facer olas— non remarcaba os patróns de valía do momento; isto é, a súa faceta, na maior parte dos casos, de campesiños propietarios. Antes ben, o dominio como *expertise* dun coñecemento restrinxido ós iniciados permitiulles inserirse como traballadores, xa fose por conta propia ou xa por conta allea, nun sistema que derivaba cara a unha especie de xornaleiros, dificultando a súa integración no grupo do campesiñado¹⁰. Moi lonxe das connotacións míticas que aproximaban o dominio dos catro elementos —terra, auga, lume e aire— á alquimia, á maxia, e mesmo a Deus, o desempeño diario do oficio atopaba a excelencia na repetición exacta do modelo en quendas establecidas ou tarefas marcadas desde a cúspide da pirámide de cada unidade de produción, xa fose o xefe de taller ou ben o propietario¹¹, do mesmo en función do ritmo da demanda. O ideal do oficio neste período consiste na repetición e na consecución de obxectos idénticos ó modelo. E, se ben é certo que os modelos

¹⁰ Fronte ós patróns do campesiñado, os oleiros fan alarde non da propiedade ou o cultivo da terra senón do manexo de *cash*, o que queda posto de manifesto a través de distintas cantigas e/ou refráns. A modo de exemplo citaremos: “Casa conmigo Rosiña, mira que son caharreiro, durmirás en boa cama e sempre terás diñeiro” (García Alén 1980).

¹¹ Neste período, o noso traballo de campo constata a existencia de mulleres que manteñen a produción de cacharos como actividade principal da casa en ausencia dos maridos emigrados temporalmente mediante a contratación de xornaleiros.

sufriron cambios, o paradigma do artesan non reflectiu variación ningunha perseguindo unha e outra vez a reprodución exacta.

A exaltación por reiteración da mestría no torno alto, que supoñía un condicionamento tecnolóxico de maior consideración que o torno baixo¹² ou o modelado a man, levaba aparelhada a estimación de quen acadase ese nivel de control, pero cando esa estimación se presenta afectando só ó xénero masculino consideramos que está mediatizada por unha visión binaria e xerarquizada do oficio que non debería de ser a correcta¹³ ou, cando menos, non a única se se aplica en termos de capacidade individual. Do mesmo xeito, restrinxir a catalogación de oleiro para quen moldea dentro da estrutura de produción tampouco sería adecuado.

Hai que evidenciar que, en primeira instancia a olería desenvolveuse alí¹⁴ onde a cortiza terrestre ofrece a presenza das materias primas precisas para que existan oleiros. Sobre esta limitación inicial, as unidades de produción,

¹² Na manufactura de barro existen tres xeitos fundamentais para dar forma ás pezas: o modelado manual, o uso de moldes ou o moldeado en torno. Dentro deste último existen dous desenvolvementos tecnolóxicos diferenciados; por unha banda estaría o torno baixo, no que o vío permite o movemento da roda sobre unha cruceta simple que o soporta. Para empregar a roda baixa —característica das zonas interiores e meridionais de Galicia coma Gundivós e Proendos no sur da provincia de Lugo— é preciso simultanear a realización da peza coas mans e dotar de impulso a superficie sobre a que se traballa tamén cunha coa extremidade superior na que o oleiro teña maior destreza, normalmente, a dereita. Facer as dúas cousas ó mesmo tempo ralentiza o ritmo de produción e confire a percepción, a todas luces, errónea de que a tarefa é doada. Polo que respecta á roda alta, usada nas zonas setentrionais e litorais de Galicia, o mecanismo está composto por dúas rodas unidas a través dun eixe. A roda inferior presenta un maior diámetro e está colocada á altura dos pés sobre un soporte que inclúe na parte alta a roda sobre a que se traballa, de menor superficie, e un banco no que o artesan toma asento. O feito de que este tipo de torno se impulse coas extremidades inferiores libera totalmente as mans para realizar as pezas, o que lle concede maior velocidade ó proceso. Ademais, tamén fai posible a incorporación de motores que transformen unha enerxía calquera en movemento, co que o proceso se pode acelerar aínda máis.

¹³ Xa desde os anos 80 os estudos de xénero teñen afondado nos procesos e na circulación do poder lonxe da bipolaridade simple da dominación/igualdade.

¹⁴ Sabemos que, nun sentido amplo do termo, a olería englobaba dúas posibilidades para inserirse no oficio en función das fases deste nas que se participase. Así, por unha banda, estarían aqueles suxeitos que fabrican e venden cacharros de barro pero tamén existe un grupo social diferenciado que se dedica só á distribución. Son os coñecidos como intermediarios ou tratantes; unha forma de traballo vinculada ó oficio pero na que non se controlaban os medios materiais de produción nin os coñecementos técnicos requiridos para o desenvolvemento da actividade. Nesta segunda modalidade, hai que destacar a presenza de mulleres que en solitario ou en grupo levaban a cabo a tarefa asociada á posta en circulación das pezas nos mercados que, como veremos no texto principal, repousaba en gran medida e por variados motivos nas mans femininas. A existencia de dúas posibilidades de comercialización, en venda directa desde as mans artesan ou mediante comerciantes, mantense en todos os tramos temporais que estamos a relatar e non constitúe unha especificidade do período cronolóxico identificado ata os anos 60.

que coinciden coas unidades familiares, de tal xeito que, nunha sociedade caracterizada por modelos de parentesco en primeiro grado extensos o desempeño da actividade oleira abrangue a totalidade de compoñentes da casa e, se ben presenta diferenzas internas considerables —en función dos dous factores, xénero e idade, que resultan sempre distintivos dentro do mesmo grupo social—, identifican a todos e cada un dos membros da familia. Por suposto que existía “unha certa división sexual do traballo (...) pero esta división era bastante flexible” (Aalten 2012: 74).

Todos os recursos humanos dunha casa de oleiros se etiquetaban en función da súa proximidade ó barro sen distinguir entre as fases internas dos procesos nin no que se refire á produción nin ó que atinxe ás vendas. Cada individuo integrábase como un elo imprescindible na cadea de produción, en termos ‘fordistas’, para realizar as tarefas que podían ser cualificadas como principais e secundarias na elaboración do discurso pero que, na realidade, resultaban, todas elas, imprescindibles. Nas interpretacións clásicas do oficio considéranse como principais as fases de torneado, que pode incluír como apéndice a decoración, e de cocción, fronte ás secundarias de consecución da materia prima, tratamento e preparación das pastas, secado, achega de materiais combustibles e venta.

Pois ben, nos estudos e rexistros da actividade levados a cabo ata o de agora, as mulleres aparecen relegadas ás tarefas catalogadas de segunda orde fronte á primacía dos varóns exercendo o poder a través da reserva para o xénero masculino das actividades máis destacadas do proceso de fabricación. Non é a nosa intención poñer en dúbida, nin por un intre, a condición de subordinadas das mulleres nun sistema patriarcal pero, canto dese sometemento non responde a manter unha interpretación interferida¹⁵ pola ideoloxía dominante máis aló dos feitos constitutivos? Entender os febles como obxectos sen capacidade de axencia non incorpora unha ollada en feminino ás análises e, no caso das mulleres, entendemos máis apropiado empregar a proposta de equilibrio entre a estrutura e a axencia de Ortner cando empregou o concepto de *serious game* (Ortner 1996) como marco teórico para entender que, se ben todos os suxeitos estamos dirixidos polas regras sociais

¹⁵ Seguimos para esta afirmación a Roger Chartier (2007: 22) cando expón que “la brecha existente entre el pasado y su representación, entre lo que fue y no es más, y las construcciones narrativas que se proponen ocupar el lugar de ese pasado”.

e motivados por obxectivos tamén sociais, actuamos sobre eles de acordo con interpretacións e estratexias persoais.

As mulleres oleiras, que eran todas aquelas que traballaban co barro e non só as que facían no torno, eran suxeitos con ocupacións en tarefas imprescindibles no proceso de fabricación, pero seguimos a velas como as que axudaban. Sirvan de exemplo as seguintes consideración: elas eran as que carretaban os cestos de barro desde as barreiras ata os carros para transportalo cara ás casas, eran elas as encargadas de repasar un por un os fondos de pasta antes de poñelos no torno para evitar as feridas que as pedras non retiradas podían chegar a facer —coa velocidade da roda calquera extremo agudo podía producir cortes importantes o que provocaría, en caso de infección, a perda temporal dese traballador— nas mans que torneaban, eran elas as que trasfegaban cos cacharros nas distintas fases de secado —primeiro nos caínzos da cociña, despois fóra, finalmente ó sol nunha muda constante de quita aquí e pon alí—, eran elas as que ían pola leña, preferentemente de carqueixa ou uces, para cocer, as que a cortaban no monte e as que a carretaban en feixes ata o forno, eran elas as que estaban para dar as pezas de unha en unha cando se enfornaba e as que preparaban as gavelas de leña para atizar, eran elas as que coa desaparición da calor baleiraban o forno e tamén as que protexían as pezas para transportalas ata as feiras.

128

Por se non quedase clara a súa condición de indispensables no xeito de produción tradicional, eran elas as que finalmente participaban no proceso de venda, sendo este o único obxectivo da actividade oleira naquela altura. Os oficios ou actividades artesanais estaban pensados para satisfacer as necesidades colectivas desde un punto de vista cultural pero os seus executores facíanos para poder vivir a nivel individual, incluíndo neste termo á familia. Elas eran oleiras desde o mesmo momento que nacían ou casaban nunha casa de oleiros aínda que nunca chegasen a poñerse no torno e, se eran secundarias, fórono porque nunca ninguén as nomeou para protagonistas, xa que sen elas a cadea produtiva non podería manter o ritmo, no mellor dos casos, ou, directamente, quebraría no derradeiro elo, a razón que xustifica, á fin, todas as fases anteriores.

Pero ademais, houbo mulleres desde finais do século XIX ata un pouco máis da metade do XX en Galicia que exerceron na súa totalidade o oficio da olería en estrito senso, xa que elaboraron coas súas mans as pezas de barro. O sometemento feminino nos discursos xerados que en tanto en canto son

actos da linguaxe e “non poden explicarse só como actos lingüísticos, ou só como actos do entendemento, separados da acción social” (Rodríguez Campos 2001:11), prodúcese de xeito dispar na olería en función do desenvolvemento tecnolóxico presenta no acto de crear as pezas. No caso das cerámicas modeladas e das moldeadas en torno baixo establécese un vínculo automático entre a existencia de mulleres realizando esas tarefas e a postura corporal necesaria para levalas a cabo. Normalízase así a presenza de mulleres nesas olerías porque se levan a cabo sentadas no chan ou en pequenas banquetas, cando non, directamente, de xeonllos. A simple imaxe corporal asociada a ese xeito de facer propicia que a actividade permita ás mulleres acceder ó espazo sacralizado por excelencia; isto é, o torno. A evidencia visual acéptase, así, como símbolo de claudicación en termos de control social.

Para os lugares nos que se emprega o torno alto, a visión andro-céntrica dominante habilita, cando menos, dúas vías para rebaixalas na súa consideración social. Primeiro mediante a excepcionalidade, facendo delas *rara avis* en situacións que non podían ser menos que normais. Neste grupo estarían as explicacións para a presenza feminina no torno naquelas zonas tecnicamente asociadas ó torno alto no que este aparece restrinxido ós homes; nesos casos, atoparíanse aquelas mulleres que constituían o temón da unidade familiar ben por morte do marido ben por incapacidade deste. En ámbalas dúas circunstancias a xustificación vén dada pola necesidade, case nunca entendida de maneira individual senón como nai que no exercicio da función que por natureza lle corresponde fai cacharros de barro para alimentar os fillos, como se o desempeño habitual do oficio non tivese *per se* esa mesma finalidade. Cando as mulleres ocupan os espazos asignados socialmente ós homes precisan da escusa da maternidade para poder manterse neles. Pero hai, vinculada a este carácter de excepción, outra pauta nos discursos que evidencian a existencia desas mulleres non tanto como cabezas de familia —por acceso forzoso, iso si— senón como expertas oleiras e que constitúe a segunda das formas de mantelas sometidas nun nivel inferior: o seu desempeño do oficio reduciríase a producir só as pezas de menor tamaño. Nestas ocasións bótase man da forza física en función do volume acadado polas pezas grandes para salientar a necesidade dun home fronte á debilidade fisiolóxica da muller que lle impediría poder levar a cabo o traballo. Curiosamente esta limitación só se localiza na fase de torneado, como se as outras fases da olería ou os outros labores asignados ás mulleres dentro do organigrama familiar non tivesen ningunha relación coa forza. Tal afirmación só pode ser realizada, fóra das considera-

cións ideolóxicas do hetero-patriarcado, por quen nunca foi, por exemplo, lavar a un río ou pia, unha tarefa exclusivamente feminina de máxima dureza en canto a esforzo físico e que, en concreto en Galicia, na maior parte do tempo, se facía nunhas condicións climatolóxicas para nada benévolas o que incrementaba a súa dificultade.

Da propia transmisión do oficio durante o tempo aquí referido evidenciáse que non podía existir ese condicionamento físico para o control do torno polas mulleres e que, na realidade, esa circunstancia responde a unha norma social. Cando os oleiros desa época describen a súa aprendizaxe afirman que nunca recibiron unha formación específica, que aprenderon desde nenos por imitación, incluíndo a roda entre os seus xogos infantís e aproveitando os descansos dos homes que estaban a traballar nelas. Eles tamén din que, nas zonas de torno alto, o seu reducido tamaño non lles permitía xogar no torno de xeito individual xa que non daban a altura mínima precisada de tal xeito que o facían como pouco entre dous: o que exercía a forza motora abaixo e o que moldeaba arriba. Neses comezos da actividade as nenas xa non participaban do xogo e aí non se poden aplicar as xustificacións de que non tiñan suficiente forza xa que nin o procedemento nin os efectos tiñan pautados un resultado e, polo tanto, non debería de ter sido impedimento para que as cativas tamén xogasen coa roda, cousa que non ocorría a non ser que estivesen aprendendo o oficio.

Por se a análise derivada das fontes orais non resultase concluínte, a arqueoloxía data con precisión que “en términos generales, la mayoría de los alfareros estudiados etnográficamente aprenden a modelar entre los siete y diez años y continúan su formación durante unos dos años” (Wallaert-Petre 2001). Isto sitúanos arredor dos doce anos, a data na que un rapaz era quen de facer cacharros e fai máis difícil de entender, se cabe, por que unha muller adulta non é capaz de superar en capacidade física —base da argumentación— a unha crianza de tan curta idade que aínda non superou a adolescencia. Se o mundo se constrúe a través da narración, neste caso os discursos que explican por que se freou o acceso ó torno das mulleres evidencian que era unha decisión social disfrazada de protección na que se recorre á falta de forza ou de envergadura física delas pero que, en realidade, buscaba retelas na infancia para atribuírlles, a continuación, na necesidade dun titor vital. Nelas estaba o problema e, desde fóra, se lles proporcionaba a solución. A última das evidencias para asentar a nosa interpretación atopámola na que será a

derradeira fase do período estudado e será , polo tanto, máis adiante onde retomaremos esta cuestión.

A partir da década dos anos 60 a sociedade galega entra en profundos cambios que rematan por desarticular toda a tremoia á que nos estamos a referir como consecuencia da aparición en competencia das mesmas pezas pero realizadas con materiais sintéticos máis lixeiros e perdurables como o plástico ou o cristal. Pero neste proceso de abandono da actividade tamén temos que barallar as claves de acceso a outros horizontes vitais grazas ó capital acumulado por parte dos oleiros e ó desexo de abandonar unha actividade marcada con estigmas negativos polos que a olería tradicional perde fol en Galicia e entra nunha etapa cualificada como os anos dos “alfares en silencio” (Freire Paz 2004: 523). A maior parte da unidades familiares dedicadas ata entón á olería abandonan o oficio que se mantén con moitas dificultades a base de casos illados cunha forte pegada do carácter complementario, e en numerosas ocasións anecdótico, que adquire o traballo nas rendas do grupo familiar desde o punto de vista económico e onde cobra especial forza a presenza individual do artesan. Xa non se pode atopar en Galicia deses anos familias dedicadas integramente á produción de cacharros de basto fóra dos talleres asentados en Buño cuxa olería se subsumía de maneira máis evidente cara a faceta decorativa da cerámica. As marxes quedan ocupadas por oleiros que manteñen unha produción mínima, transformada en xeral nos tamaños e nas decoracións cada vez máis profusas así como no uso de impermeabilizantes, vernices e esmaltes de todo tipo que achegan as pezas á demanda non moi significativa da olería popular como *souvenir* asociada á vertente lúdica dun incipiente turismo cultural que tamén achega ás aldeas de oleiros a estudiosos do tema que buscan recoller testemuñas dun pasado continuo que entenden a punto de desaparecer para sempre.

Nestas circunstancias e cunha cada vez maior emancipación feminina, as mulleres comezan a chegar desde fóra, e este é un dato moi importante, á olería galega da man de dúas condicionantes básicas: unha consideración artística do oficio ata entón nunca evidenciada en termos performativos e as posibilidades de formación oficial ou cando menos regrada da actividade. As mulleres que se achegan ós alfares galegos nas décadas dos 70, 80 e incluso 90 non o fan como relevo xeracional correspondente porque xa non hai mercado que cubrir con eses produtos nin elas emerxen, nin de xeito individual nin colectivo, do grupo que os producía. Antes ben, á olería tradicional chegan as

mulleres nesa altura polas súas posibilidades de absorber o xénero feminino pola súa proximidade ás ‘manualidades’¹⁶ e o desenvolvemento dunha faceta artística en clara consonancia co estereotipo feminino de delicadeza e habilidade manual. Os mesmos corpos para os que o torno estaba vedado uns anos antes comezaron a aproximación a eles a cambio de recubrirse de arte¹⁷, xa fose esta figurativa ou abstracta.

Neste período a olería galega queda subsumida nunha etapa de amnesia colectiva na que perde os significados outorgados no contexto precedente, o que posibilita a súa metamorfose ben entrada a década dos 90.

Mulleres oleiras: dando corpo á tradición

Luciano García Alén recollía no ano 1983, na primeira edición da súa obra *La alfarería de Galicia*, a evolución da olería galega e concluía: “Podría considerarse, como resumen, que de 500 talleres de alfarería que existían por el año 1930 en el área de Galicia, no llegaban a 35 los talleres en activo por la década de los 70” (García Alén 2008: 213). Os datos non ofrecen lugar a dúbidas e semellaban anunciar unha morte irreversible de forma inminente. De terse mantido as, desde un punto de vista social, nunca precisas contas matemáticas en pouco máis de tres anos deberían de ter desaparecido todas as pegadas dos cacharros de basto no noroeste peninsular, xa fose por abandono absoluto da actividade ou por derivacións cara a gustos estéticos moi distantes dos catalogados como tradicionais. E, non obstante, ese proceso non terminou de levarse a cabo pola introdución de dúas variabeis definitivas: por unha banda, a intervención institucional; pola outra, a incorporación plena das mulleres a un oficio que, cando menos desde o relato¹⁸ colectivo se presentaba como masculino.

¹⁶ Na segunda acepción deste termo o dicionario da Real Academia Española (RAE) recolle os traballos manuais propios dos escolares. Apréciase, de novo, a vinculación entre as tarefas susceptibles de seren realizadas polas mans femininas e as crianzas.

¹⁷ Para un coñecemento máis pormenorizado da cerámica creativa en Galicia no que, ademais, se recolle de maneira máis que precisa a incorporación das mulleres a ese reduto artístico, *Vid Garrido Moreno* (2001).

¹⁸ Debemos anotar aquí que os oficios tradicionais respondían na súa totalidade a unha completa masculinización explicada en termos de dominio do coñecemento —realizar un oficio implicaba sempre unha aprendizaxe específica— coas únicas excepcións daqueles que podían estar relacionados co tecido: coser, zurcir, bordar, tecer, etc. sempre foron actividades desenvolvidas polas ‘Penélope’ de Galicia.

No derradeiro dos apartados deste traballo daremos conta dos cambios acontecidos na olería tradicional galega nos últimos case trinta anos e localizaremos neles, de novo, os espazos habitados polas mulleres nos que se leva a cabo a ocupación total do oficio en dous tempos consecutivos: primeiro chegaron ós talleres como aprendices; despois, deron un paso adiante e asumiron a xefatura destes. Superada a fase de abandono case por completo do oficio, na que se posibilitou tamén a perda das connotacións negativas asociadas á produción ou ó emprego das pezas de barro polos estratos máis baixos da escala social o que, á súa vez, lles marcou o camiño da desaparición como elementos non desexables da cultura, a olería popular xorde de novo a finais dos anos 90 coas novas claves socioeconómicas e culturais do momento.

Os obradoiros do barro volven traballar nunha recuperación institucionalizada do oficio no que, de xeito paradoxal, o único que se mantén inalterable é a memoria da actividade; isto é, a tradición. Nesta nova fase caracterizada pola intervención e posta en valor das pezas, en primeira instancia, como colectores de cultura e despois, por osmose, dos artesáns como portadores de saber o barro cobra novos sentidos. A olería tradicional galega ten visto alterados todos e cada un do procesos na cadea produtiva con respecto ó pasado que pretende recuperar ou manter. Desde a consecución das materias primas ata as formas de comercialización das pezas nada permaneceu estático. A olería tradicional galega actual faise para conter o discurso do pasado pero tanto a narración do proceso como as fases deste non manteñen máis que o fío da tradición como nexo condutor. Porque nada dos usos e costumes do primeiro período aquí descrito queda en pé a tradición segue viva.

O barro mantense hoxe en Galicia de xeito moito máis reducido porque a súa demanda xa só satisface necesidades representativas e simbólicas para as que non é preciso unha produción constante senón que chega cunha selección significativa pero esporádica. Os procesos de consecución do barro e amasado téñense mecanizado, as súas proporcións reducíronse e alteráronse; o modelado modificou as formas e os tamaños, aumentou a decoración e o uso de esmaltes e impermeabilizantes de forma prolixa, os tempos do secado reducíronse e a cocción lévase a cabo en fornos eléctricos con peches herméticos sempre en pequenas cantidades. Os artesáns xa non se desprazan ás feiras¹⁹ e

¹⁹ Quedan fóra desta denominación as feiras exposición ou feiras demostrativas ás que os artesáns non só acoden con certa frecuencia senón que supoñen una parte significativa —tanto no aspecto económico como, sobre todo, publicitario— das actividades vinculadas ó oficio na actualidade.

mercados da contorna para comercializar as pezas e, aínda que se manteñen os acordos con determinados intermediarios ou punto de distribución indirecta, a maior parte das vendas realízase no propio taller, case convertido en, ou anexionado a, un museo. Os actuais compradores de cacharros rastrean en primeira persoa un pasado que nunca lles é propio pero que poden capturar se é aprehendido *in situ* porque é no santuario do taller onde o rito cobra sentido e as pezas se enchen de identidade. O traspaso da memoria queda contido para sempre nos cálices simbólicos da tradición que a dotan de materialidade e a fan tanxible pero só para aqueles que, aínda saíndo del, nunca tocaron nin foron tocados pola sucidade do barro.

Esta nova moega pola que se filtra o oficio na actualidade serve tamén como explicación á necesaria aceptación das mulleres recoñecidas xa como artesás oleiras. En primeiro lugar, porque para poder levar a cabo a cerimonia iniciática de apresamento —real e simbólico— do barro depositario da cultura resulta imprescindible a existencia de alguén que transmita o oficio nunha combinación que aínda que remita o pasado precisa ser levada a cabo no presente. A derradeira xeración de oleiros, mormente constituída en masculino²⁰, que desempeñara a actividade aínda coas claves da etapa anterior foi desaparecendo na primeira década do século XXI e, para poder acadar o relevo, foi preciso aceptar a quen estaba en disposición —vital e laboral— de asumir o desempeño dese traballo. Estas circunstancias foron as que facilitaron a chegada das mulleres²¹ que agora mesmo traballan de maneira masiva na olería tradicional á fronte dos talleres de forma individual. Pero esta transformación que supuxo, *de facto*, aceptar as mulleres como mal menor non se produciu de xeito automático nin directo.

²⁰ Non podemos deixar de mencionar aquí a excepcionalidade das mulleres oleiras recollida por Sargadelos na figura da señora Lola de Penelas. O máis interesante da imaxe é que se elixira para representar o oficio a unha muller, iso si, coa roda baixa e non en torno alto, pero que na altura supoñía unha evocación dun pasado que xa non existía. Cando a empresa cerámica de Cervo inclúe esta imaxe como representante do oficio oleiro na súa colección de series limitadas é a única das figuras, agás a mestra, que non aparece en solitario. Se no caso da docente a presenza do grupo se explica no exercicio da profesión, no caso da oleira só evidencia a súa condición de nai. De feito na lenda que acompaña o grupo escultórico refírese literalmente: “La mujer nació para ser madre” (consultado en <http://www.sargadelosvigo.com/tienda/es/figuras-numeradas/79-lola-de-penelas.html>).

²¹ Unha descrición detallada e análise en profundidade sobre esta cuestión poderá ser consultada en Ana Cabana Iglesias e Elena Freire Paz (en prensa).

En realidade, as oleiras actuais entraron na profesión de maneira transversal e acabaron colocadas na olería tradicional despois de transitaren primeiro cara ós camiños da cerámica artística. Chegaron, logo, amparadas polos estudos e a formación nas escolas de Artes e Oficios ou en cursos específicos ofertados desde a administración autonómica e provincial a través do Centro de Artesanía de Galicia, no proceso de posta en valor das artesanías con fondos de compensación europeos. Pero ademais, en moitos dos casos, nin tan sequera elixiran a olería como primeira opción vital senón que acabaron nela despois de teren tentado incursións moi variadas no mundo laboral e de decantarse cara este unha vez traspasada a súa primeira alternativa como esposas e nais. Así, acadaron o *status* de oleiras incentivadas desde o sistema e amparadas por unha comunidade que depositaba nelas os derradeiros folgos da tradición cando xa todo o pasado, agás a memoria, tiña quebrado.

Concluimos este traballo retomando unha reflexión que xa expuxemos cando analizamos a exclusión das mulleres na primeira etapa dos períodos aquí estudados en clave de xénero. A derradeira das explicacións para afirmar que manter as mulleres afastadas do moldeado respondía, non ás desculpas protectoras presentadas nos discursos, senón a unha forma de entender o mundo, atópase no feito de que as actuais oleiras non teñen alterado as súas condicións fisiolóxicas. Os mesmos corpos, outrora cualificados como débiles ou febles, serven agora para manter con vida un oficio en constante cambio. As oleiras están mediatizadas, en primeiro termo, polo seu propio a través do que constrúen a súa identidade e con cuxa historia de vida teñen que xestionar a marxe de decisión individual que permite a cultura ó mesmo tempo que casan coa tradición. Nesta altura, ser muller é a primeira das condicións desde as que se elixe ou desde as que se acepta a olería en Galicia hoxe. Como ben recolle Mari Luz Esteban Galarza, nas súas reflexións sobre o xénero e a identidade de xénero expostas por Judith Butler no seu artigo “*Performative Acts and Gender Constitution: An Essay in Phenomenology and Feminist Theory*” de 1997:

el yo es el cuerpo, un modo concreto de encarnación, y que lo que se encarna son diferentes posibilidades históricas (...) El cuerpo es una situación histórica, una manera de hacer, de dramatizar, de reproducir situaciones históricas (...) Ser mujer es para Butler convertirse en una mujer, adaptar el cuerpo a una idea histórica, concreta, de lo que es ser mujer, así el cuerpo es inducido a convertirse en un signo cultural y una misma se materializa de acuerdo con unas posibilidades históricas determinadas, y todo esto dentro de un proyecto sostenido y repetido corporalmente (Esteban Galarza 2004: 60).

Como vimos ó longo destas liñas, os estereotipos de xénero que Nieves Herrero (2015: 219) define como “as ideas e representacións dominantes referidas ás diferenzas entre os homes e as mulleres” flutúan en función das coordenadas desde as que se constrúen e sobre as que se desenvolven. No caso da olaría tradicional en Galicia as mulleres teñen ocupado diferentes espazos condicionadas pola asignación social do lugar que lles corresponde segundo as necesidades do grupo que distribúe a orde tanto dos obxectos como dos suxeitos.

Elena Freire Paz

Universidade de Santiago de Compostela

Referencias bibliográficas

Aalten, Anna. 2012. “Traballo feminino e sexualidade na Galicia rural”, en *Antropoloxía das mulleres galegas. As outras olladas* (eds. Enrique Alonso Población e Sharon R. Roseman). Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, pp. 63-80.

136 Cabana Iglesia, Ana e Elena Freire Paz. 2015. “Vendedoras de barro. Mujeres rurales y los límites de ‘lo doméstico’ a mediados del siglo XX”, en *Fornaleras, campesinas y agricultoras. La historia agraria desde una perspectiva de género* (ed. Teresa María Ortega López). Zaragoza: Prensas de la Universidad de Zaragoza, pp. 281-307.

Cabana Iglesia, Ana e Elena Freire Paz. “Hacer barro, producir género. Mujeres en la alfarería de la Galicia rural desde finales del siglo XX”, en *Revista Arenal* (en prensa).

Chartier, Roger. 2007. *La historia o la lectura del tiempo*. Madrid: Gedisa.

Esteban Galarza, Mari Luz. 2004. *Antropología del cuerpo. Género, itinerarios corporales, identidad y cambio*. Barcelona: Edicions Bellaterra.

Freire Paz, Elena. 2004. *La recuperación de la alfarería tradicional en la provincia de Lugo: procesos socio-económicos y culturales*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.

García Alén, Alfredo. 1980. *A alfarería na literatura popular galega: cántigas, refráns, frases e modismos, adivinanzas, formuliñas dos pícaros*. Vigo: Editorial Galaxia.

García Alén, Luciano. 2008. *La alfarería de Galicia*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.

- Gardner, James B. e Georges Rollie Adams (eds.). 1983. *Ordinary people and everyday life: Perspectives on the new social history*. Nashville: American Association for State and Local History.
- Garrido Moreno, Antonio. 2001. “La cerámica gallega en la segunda mitad del siglo XX. Frontera entre el artesano y el escultor”, en *SEMATA. Ciencias Sociales e Humanidades*, vol. 12 (2000), pp. 411-431, <http://hdl.handle.net/10347/4652> [Consulta: 20/02/2017].
- Herrero Pérez, M^a de las Nieves. 2015. “Violencia simbólica contra as mulleres e estereotipos de xénero”, en *Historia, cultura, violencia: actas do X Curso de Primavera, Lugo, 22-25 de abril de 2014* (coords. Fernando Suárez Golán e Ana Cabana Iglesia). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 217-227.
- Méndez Pérez, Lourdes. 1988. “*Cousas de mulleres*”. *Campesinas, poder y vida cotidiana (Lugo 1940-1980)*. Barcelona: Anthropos.
- López López, Roberto Javier. 2012. “De la cultura material a la cultura letrada”, en *Historia de la Galicia Moderna* (coord. Isidro Dubert). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 359-405.
- Ortner, Sherry. 1996. *Making gender: the politics and erotics of culture*. Boston: Beacon Press.
- Rodríguez Campos, Xaquín Serxo. 2001. *Lingua, linguaxe e experiencia. A perspectiva antropolóxica e as implicacións filosóficas*. Santiago de Compostela: Unidixital.
- Vázquez Malagón, Enma del Carmen. 2005. *Materiales cerámicos. Propiedades, aplicaciones y elaboración*. México: Universidad Nacional Autónoma de México.